



Resolución da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública pola que se acumulan prazas do proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial ao proceso de acceso por promoción interna nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocados pola Orde do 26 de xullo de 2022.

Mediante a Orde do 26 de xullo de 2022 (Diario Oficial de Galicia núm. 156, de 18 de agosto) convocáronse *o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial.*

A convocatoria incluía 1 destino na categoría de oficial no Concello de Santiago de Compostela e tres destinos na categoría de oficial no Concello de Vigo no proceso de provisión por mobilidade.

O tribunal nomeado por Resolución do 21 de setembro de 2022 (DOG núm. 187 do 30 de setembro) e de acordo co establecido nas bases da convocatoria acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública a resolución do 23 de novembro de 2022 pola que se publicaron as baremacións definitivas do proceso de provisión por mobilidade. Na mesma data o dito tribunal propón á Agasp a adxudicación de destino a unha soa persoa no Concello de Vigo, co que resultan vacantes destinos no Concello de Vigo e no Concello de Santiago de Compostela.

Tal e como prevé a convocatoria no punto 1.4, será de aplicación ao proceso o establecido no artigo 30.3 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, de xeito que as prazas non cubertas no proceso de provisión por mobilidade acrecentarán as prazas convocadas no proceso de acceso por promoción interna.

En atención a todo o anterior,

RESOLVO

Primeiro.: Acrecentar as prazas convocada no proceso de acceso por promoción interna convocado mediante Orde do 26 de xullo de 2022.

Deste xeito, as prazas incluídas no proceso de acceso por promoción interna son as que figuran no Anexo desta resolución.

A Estrada, na data da sinatura electrónica

O director xeral da Agasp

Santiago Villanueva Álvarez



ANEXO

PROCESO DE ACCESO POR PROMOCIÓN INTERNA	
A Guarda	1
Cambados	2
Ribeira	1
Santiago de Compostela	3
Sanxenxo	1
Soutomaior	1
Vigo	10
Vilagarcía de Arousa	1

